

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 18 DE XANEIRO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de mellora da seguridade viaria na OU-105 Seixalbo. No concello de Ourense.
- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de reforma da intersección do p.q. 21 + 900 da AC-840 (Curtis). No concello de Curtis.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se aproba o Plan de modernización tecnolóxica da mobilidade en Galicia (e-Mobility).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación pola Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 do servizo de transporte sanitario urxente aéreo, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria por un importe de dez millóns cento vinte mil euros (10.120.000 €), e un valor estimado de quince millóns cento oitenta mil euros (15.180.000 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o avance do peche do exercicio de 2017 e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan Galicia Innova 2020.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de execución do Plan de Compras Integradas 2016-2017 do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o acollemento familiar.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas destinadas a garantir a subministración de auga ás explotacións agrarias.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA OU-105 EN SEIXALBO, NO CONCELLO DE OURENSE

- *Esta actuación contará cun orzamento de 800.000 euros e está prevista a súa licitación nas vindeiras semanas*
- *O proxecto prevé a execución de novos treitos de beirarrúas e a reparación das existentes, adaptándoas tamén á normativa de accesibilidade, así como a construción dunha senda ciclista en sentido subida*
- *A consellería de Infraestruturas e Vivenda ten previsto, ademais, continuar nos vindeiros exercicios coa mellora da seguridade desa vía na zona do tanatorio, para o que se redactará nos próximos meses o proxecto necesario*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se dispón a utilidade pública e a urxente ocupación das 3 leiras necesarias para as obras de mellora de seguridade viaria na estrada Ourense-A Ponte Noalla (OU-105) en Seixalbo, no concello de Ourense. Esta actuación contará cun orzamento de 780.000 euros, ademais dos 25.000 necesarios para as expropiacións, e a Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten prevista a licitación do contrato de obras nas vindeiras semanas, e proceder ao levantamento de actas previas no primeiro trimestre deste ano.

Esta obra ten por obxecto mellorar a seguridade viaria nun tramo de 1,5 quilómetros da estrada OU-105, na zona de Seixalbo, entre os puntos quilométricos 1 + 000 (pasando o tanatorio) e 2 + 500 (rotonda de intersección coa OU-510) da vía.

Na primeira metade do tramo de actuación, desde o seu inicio ata a intersección co acceso principal a Seixalbo, a estrada caracterízase pola existencia dun terceiro carril para vehículos rápidos por mor da pendente do tramo, que será eliminado; o que permitirá calmar o tráfico e reordenar a sección transversal. O espazo que ocupa este carril destinarase a bandas de aparcadoiro e á sinalización de carrís centrais para o xiro á esquerda, o que permitirá mellorar a seguridade viaria da intersección coa rúa da Igrexa (p.q. 1 + 400), e doutros accesos á estrada (p.q. 1 + 490 e 1 + 530).

No punto quilométrico 1 + 800 atópase a intersección co acceso principal a Seixalbo, na rúa Abelardo Arce (prolongación do camiño de Zaín), na cal se executará unha glorieta de 28 metros de diámetro.

Por outra parte, na segunda metade do tramo levaranse a cabo melloras nos cruzamentos co acceso á praia de vías (p.q. 1 + 900) e coa rúa Amendo (p.q. 2 + 190). Ademais, mellorarase a seguridade viaria de peóns e ciclistas en todo o tramo. Tamén, nas beirarrúas repararanse as zonas deterioradas; adaptaranse nos cruzamentos atendendo á normativa de accesibilidade; ampliáranse nos puntos en que se localizan

os pasos de peóns para facilitar a súa percepción e completaranse nos tramos que presentan discontinuidades.

Así mesmo, executaranse sendas nas dúas marxes da estrada no tramo final nunha lonxitude aproximada de 300 m, desde o punto en que finalizan as actuais beirarrúas ata o camiño de subida á ermida de Santa Águeda (onde conecta coa traza do Camiño de Santiago).



Hai que salientar que, neste tramo, a traza orixinal do Camiño de Santiago pola ruta Mozárabe- vía da Prata cruzaba en dous puntos a estrada OU-105 (puntos quilométricos 2 + 200 a 2 + 540) e a vía do ferrocarril no tramo intermedio a estes dous cruzamentos; no en tanto, tras o cerramento feito pola ADIF das vías por motivos de seguridade, este itinerario atópase interrompido e os peregrinos circulan pola marxe esquerda da estrada autonómica, polo que a execución da senda pola marxe esquerda mellorará a seguridade dos peregrinos.

Con esta actuación procederáse á regulación semafórica e iluminación específica nos pasos de peóns; acondicionaranse as paradas de autobús, que se recolocarán tras os pasos de peóns e sinalizarase, pola marxe dereita, unha banda diferenciada para a circulación de ciclistas

A obra completárase coa instalación de redes de saneamento e alumeado nos tramos que resulta necesario e coa extensión dun microaglomerado na primeira metade do treito, que se repintará posteriormente.

O proxecto, que foi consensuado cos veciños da zona e co Concello de Ourense, supón a primeira fase das obras de mellora da estrada OU-105 e permitirá optimizar a sección da estrada, para unha optimización da circulación de peóns, bicicletas e do tráfico rodado.

A consellería de Infraestruturas e Vivenda ten previsto ademais continuar nos vindeiros exercicios coa mellora da seguridade viaria na zona do tanatorio (Pq 0 + 800 a 1 + 000), para o que se redactará nos próximos meses o proxecto necesario.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA ROTONDA NA TRAVESÍA DE CURTIS MEDIANTE UN INVESTIMENTO DE 240.000 EUROS

- *Nas vindeiras semanas a Consellería de Infraestruturas e Vivenda licitará as obras e prevé o levantamento de actas previas para o primeiro trimestre de 2018*
- *O obxecto da actuación é transformar en rotonda a actual intersección existente entre a estrada provincial DP-3204 e a AC-840, coñecido como cruzamento do Empalme*
- *A actuación complementa a obra que actualmente está a executar a Xunta de construción dunha senda na marxe dereita desa estrada autonómica, cun orzamento próximo a 0,5M €*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación das 13 leiras necesarias para a execución dunha rotonda na travesía de Curtis. Concretamente, trátase de transformar a intersección existente no punto quilométrico 21+900 da estrada AC-840 (Betanzos-Lim. Prov. Agolada) para mellorar a súa seguridade viaria.

Esta actuación suporá un investimento da Administración autonómica próximo aos 240.000 euros, aos cales deberán engadirse os 8.822 euros en que se estima inicialmente o custo das expropiacións.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda licitará as obras nas vindeiras semanas e o levantamento de actas previas está previsto para o primeiro trimestre de 2018.

O obxectivo desta actuación é transformar en rotonda a intersección existente entre a estrada provincial DP-3204 e a AC-840 (Betanzos-lim.prov-Agolada), no punto quilométrico 21+900, coñecido como cruzamento do Empalme.

Na actualidade, nese punto existe unha intersección en cruz que conta cunha visibilidade bastante reducida por mor da proximidade dun cambio de rasante, polo que a súa transformación en rotonda permitirá acougar o tráfico e permitir os xiros na estrada en condicións máis seguras.

A actuación complementa a obra que actualmente está a executar a Xunta de construción dunha senda na marxe dereita da AC-840, no tramo comprendido entre o p.q. 20+145 (en Alto da Espeniña) e o 21+880 (intersección coa estrada autonómica AC-230 en Curtis), e na cal se prevé mellorar outra intersección próxima, o cruzamento coa estrada ao cemiterio (p.q. 21+240). Esta obra, que conta cun orzamento próximo a 500.000 euros, estará finalizada nesta primavera.

A XUNTA PON EN MARCHA O PLAN DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DA MOBILIDADE, QUE FACILITARÁ SERVIZOS EN TEMPO REAL AOS VIAXEIROS

- *Permitirá a monitorización continua das rutas de transporte público por estrada para deseñalas e planificalas dun xeito máis eficiente e adaptadas ás necesidades dos viaxeiros*
- *Posibilitará novos servizos ao usuarios como o transporte á demanda, rutas personalizadas ou o pago desde o móbil*
- *Os viaxeiros disporán dun portal do transporte, un punto centralizado onde atopar toda a información das rutas dispoñibles e no cal xestionar as súas solicitudes de servizo*
- *Dixitalizaranse todos os procesos de xestión e tramitación da oferta de transporte por parte dos operadores, que terán á súa disposición unha oficina virtual do transporte*

A Xunta pon en marcha o Plan de modernización tecnolóxica da mobilidade en Galicia, (*e-Mobility*), co obxectivo de configurar de xeito eficiente o transporte público por estrada, grazas á dixitalización integral de todos os procesos de xestión e tramitación por parte dos operadores, á monitorización en tempo real das rutas e ao desenvolvemento de novos servizos e métodos de pagamento para os usuarios. Actualmente, o sistema concesional de transporte dá servizo a uns 20 millóns de viaxeiros anuais con máis de 1.000 autobuses, 1.321 liñas e 14.140 paradas.

O Plan, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia en colaboración coa Consellería de Infraestruturas e Vivenda, foi aprobado hoxe polo Goberno galego, cun investimento previsto de máis de 6,6 millóns de euros ata o 2020. Esta iniciativa desenvolverase en coordinación co traballo que está a realizar a Consellería para a reorganización do transporte de pasaxeiros por estrada e que culminará coa aprobación en 2019 do Plan de transporte público de Galicia.

Xestión do Servizo

O Plan facilitará as ferramentas necesarias para a monitorización en tempo real das rutas de transporte público por estrada. O Centro Operativo de Xestión de Mobilidade de Galicia (Comga) xestionará esta información, que permitirá deseñar e planificar rutas dun xeito máis eficiente e desenvolver novos servizos para os usuarios como o recentemente implantado transporte á demanda, o uso compartido dos sistemas de transporte ou as rutas dinámicas ou personalizadas.

Unha das pezas fundamentais deste novo modelo de xestión é o sistema de axuda á explotación da mobilidade (SAE), que traslada ao Comga a información en tempo real da posición dos autobuses, calquera desfase da ruta ou do tempo establecido, o

número de viaxeiros etc. Unha información dispoñible tanto para a Administración como para os operadores que lles permite optimizar os servizos e planificar rutas.

Ademais, a explotación desta información con técnicas de *big data* permitirá avanzar as tendencias na demanda do transporte e anticiparse ás necesidades dos viaxeiros co deseño de novas rutas.

Servizos Smart Mobility

Os viaxeiros beneficiaranse deste novo modelo de xestión con acceso á información en tempo real sobre as rutas, os tempos de espera dos autobuses en cada parada, incidencias ou a solicitude de transporte á demanda. Esta información estará dispoñible a través de diferentes canles e soportes (web, app, paneis embarcados, paneis en estacións de autobuses...)

Porase en marcha o portal de transporte público de viaxeiros, que será á porta de acceso a todos os servizos dispoñibles, un único punto en que se centralizará toda a información dos servizos de transporte regular. A web porá á disposición dos usuarios un espazo en que xestionar as súas solicitudes, como por exemplo as de transporte a demanda.

O plan prevé novos métodos de pagamento para os viaxeiros, como o pago desde un dispositivo móbil, onde o usuario tamén recibirá a notificación das recargas dispoñibles.

Tamén porá en marcha un servizo de queixas e incidencias multicanle (presencial, telefónico, web, app) para que os viaxeiros poidan informar de calquera deficiencia nas infraestruturas ou diminución da calidade de servizo.

Dixitalización da xestión e oficina virtual de transporte

O plan aposta pola dixitalización integral de todos os procesos de xestión e tramitación da oferta de transporte por parte dos operadores, así como da planificación de rutas por parte da Administración. Con este obxectivo crearase unha plataforma tecnolóxica que integrará a información relativa aos contratos de transporte e ao seu sistema de tramitación.

Os operadores e profesionais accederán á plataforma a través da Oficina Virtual, o que lles permitirá realizar desde un único punto todas as xestións relativas ao sector coa Administración.

A XUNTA INCREMENTARÁ UN 33% AS HORAS DE VOO EFECTIVO NO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO URXENTE AÉREO

- *Destinará máis de 10 millóns de euros a esta contratación para os próximos catro anos*
- *O 061 xestionará e coordinará este transporte mediante dous helicópteros que funcionarán os 365 días do ano en horario de orto a ocaso*
- *Incrementarase o número de horas, que pasará de 600 a 800 anuais de voo efectivo, o que supón un aumento de máis dun 33%*
- *Esta actuación permitirá unha mellora dos tempos de resposta ante unha emerxencia sanitaria, a mellora na asistencia sanitaria urxente e a diminución nos tempos de traslado dos pacientes críticos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación do servizo de transporte sanitario urxente aéreo por parte da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061. Trátase da prestación do servizo de transporte e asistencia sanitaria aérea de pacientes, con dous helicópteros e incluíndo as tripulacións especializadas e a loxística, mediante actuacións xestionadas e coordinadas exclusivamente pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Esta nova contratación contará cun orzamento de dez millóns cento vinte mil euros desde xullo de 2018 ata xuño de 2022 fronte aos 8 millóns do contrato anterior. Así, o horario de dispoñibilidade dos dous helicópteros será de orto a ocaso os 365 días do ano. As horas de voo efectivo anuais pasarán de 600 a 800 o que implica un incremento de máis dun 33%.

O aumento do horario suporá un incremento do número de horas de dispoñibilidade, polo cal os galegos se beneficiará en maior medida dos programas de atención ao infarto agudo de miocardio (Progaliám) e ao ictus (Plan Ictus). Ademais, aumentará a cobertura das emerxencias no verán, polo aumento do número de horas de luz solar, o que reflectirá na calidade asistencial nun período onde a demanda experimenta unha alza por mor do incremento da poboación flotante.

O novo contrato requirirá aeronaves mellor dotadas con equipamentos de electromedicina máis avanzados, con medidas de seguridade engadidas, menor antigüidade e mellora do sistema de mantemento dos helicópteros, asegurando sempre o cen por cento da operatividade; ademais dunha mellor dotación de sistemas de climatización que garantan un ambiente óptimo, tanto no inverno como no verán, para a asistencia a pacientes en calquera situación de gravidade. Tamén exixirá instalacións de protección con elementos para mellorar os tempos de saída ás emerxencias e a actualización dos dispositivos de contacto e seguimento de situación das aeronaves desde a Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061. Todo isto

redundará nunha mellora dos tempos de resposta ante unha emerxencia sanitaria, a mellora na asistencia sanitaria urxente, potenciando a accesibilidade e a equidade da poboación galega e diminuíndo os tempos de traslado dos pacientes críticos aos centros sanitarios.

GALICIA VOLVEU CUMPRIR EN 2017 O OBXECTIVO DE DÉFICIT E REDUCIU O SEU ENDEBEDAMENTO POR PRIMEIRA VEZ EN DEZ ANOS

- *Os primeiros datos confirman que Galicia xa entrou en consolidación fiscal técnica, ao pechar o exercicio cun déficit do 0,21%*
- *A ratio de débeda baixou ao 18,5% e Galicia mantense como a comunidade autónoma que menos se endebedou desde 2009*
- *A Administración galega segue pagando aos seus provedores con máis axilidade que a media autonómica*

Galicia volveu cumprir no ano 2017 o obxectivo de déficit público fixado para todas as comunidades autónomas e, ademais, conseguiu reducir o seu endebedamento por primeira vez nos últimos dez anos. Ao mesmo tempo, Galicia mantivo cada mes uns tempos de pagamento mellores que a media española, tal como reflicte un informe elaborado pola Consellería de Facenda sobre o avance de peche do exercicio 2017.

Segundo mostran as primeiras estimacións do informe, Galicia conseguiu en 2017 cumprir os obxectivos de déficit e de débeda fixados no Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), de modo que Galicia entrou en consolidación fiscal técnica nun proceso iniciado no ano 2009. Isto permite dispoñer dunhas contas saneadas e dunha solvencia financeira para consolidar unha senda de crecemento san e inclusivo.

En primeiro lugar, Galicia pechou o exercicio 2017 cunha estimación de déficit do 0,21%, só 129 millóns de euros, mantendo a senda de redución progresiva e non abrupta. Deste xeito, Galicia cumpriu o obxectivo do 0,6% fixado para todas as comunidades autónomas, e logrou reducir a menos da metade o seu déficit rexistrado no ano 2016, que foi do 0,58% segundo os datos do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Galicia volveu compatibilizar en 2017 a redución do déficit público co crecemento económico e a creación de emprego. Así, a previsión da Xunta é que Galicia peche o exercicio como terceiro ano consecutivo con taxas de crecemento do produto interior Bruto (PIB) iguais ou superiores ao 3%, mentres que os datos de emprego xa publicados mostran que en 2017 Galicia acadou máis de 21.000 novas afiliacións á Seguridade Social.

En canto á débeda, en 2017 Galicia conseguiu reducir o seu endebedamento por primeira vez nos últimos dez anos. A primeira estimación do Goberno autonómico é que Galicia pechou o exercicio cunha ratio de débeda/PIB do 18,5%, o que significa que reduciu nunha décima este indicador sobre o ano anterior (18,6%) por vez primeira desde 2007.

Ademais, a Xunta cumpriu o obxectivo individualizado que se fixou no CPFF para Galicia, e que era do 19,0%. Desde finais do ano 2014 Galicia ten a súa débeda totalmente estabilizada e o obxectivo agora é manter a senda de redución do endebedamento, xa que reduciilo é positivo para a cidadanía porque permite gastar menos en xuros financeiros e ter máis recursos para gasto social e investimentos.

É por iso que Galicia é a comunidade que menos incrementou a súa débeda desde 2009, tal como demostran os datos oficiais do Banco de España. O obxectivo do Goberno galego foi utilizar o recurso á débeda só de xeito estritamente necesario e sempre cumprindo os obxectivos aprobados no Consello de Política Fiscal. Froito disto, Galicia ten agora seis puntos menos de débeda que a media, cando en 2008 Galicia tiña máis débeda que o conxunto de comunidades autónomas.

Ademais, as primeiras estimacións da Xunta tamén indican que Galicia en 2017 conseguiu manter controlada a regra de gasto, un indicador que, en todo caso, está deseñado para evitar adoptar aumentos de gasto non sustentables e que poidan comprometer nun futuro a solvencia da Comunidade Autónoma.

Galicia paga mellor que a media

Galicia está a ser tamén unha comunidade de referencia nos tempos de pagamento aos provedores situándose cada mes entre as administracións autonómicas que pagan con máis axilidade. Hai que ter en conta que a Xunta de Galicia é o principal prestador de servizos da Comunidade Autónoma, con máis de 600.000 facturas anuais por un importe superior aos 3.000 millóns de euros.

Segundo o informe elaborado pola Consellería de Facenda, ao longo de 2017 Galicia foi mellorando a axilidade nos pagamentos das obrigas, o que permitiu pasar dun período medio de pagamento de 22,6 días en decembro de 2016 a unha previsión de 7 días en decembro de 2017. Pagar con axilidade beneficia ás empresas que traballan coa Xunta, e evita problemas de liquidez, o que beneficia ao conxunto dos cidadáns porque moitos destes provedores son pemes e mesmo autónomos. Por iso, para 2018 o obxectivo é seguir traballando nesta liña e mantendo un diferencial positivo coa media autonómica

O PLAN GALICIA INNOVA MOBILIZARÁ 1775 M€ ATA 2020 CO OBXECTIVO DE IMPULSAR A ACTIVIDADE ECONÓMICA E INDUSTRIAL E XERAR EMPREGO E BENESTAR SOCIAL A TRAVÉS DA INNOVACIÓN

- *A Xunta aspira a situar a I+D+i como factor clave para fomentar a investigación e a actividade da industria galega e garantir deste xeito a competitividade da economía e a consolidación dun modelo sustentable e que aposte pola inclusión social*
- *A nova folla de ruta en materia innovadora desenvólvese de acordo coas directrices da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) e busca impulsar un modelo aberto, con vocación internacional e que fomente a colaboración público-privada a través da posta en marcha dos hubs de innovación dixital*
- *Esta nova medida permite agrupar os axentes do ecosistema de I+D+i, é dicir, centros de investigación, pemes, grandes empresas, startups, universidades, clústers e a Administración para prestar servizos que creen valor empresarial, transfiran coñecemento e faciliten o acceso ao financiamento*
- *Os principais retos do plan son a posta en valor da investigación científico-tecnolóxica, a mellora da transferencia de coñecemento ao tecido empresarial e o retorno do investimento realizado que se traduza en maior actividade e crecemento económico*
- *A previsión para 2020 en Galicia é incrementar en máis dun 10% o persoal empregado na I+D, ata os 10.400, dispoñer dun 15% máis de empresas con actividades innovadoras, ata superar o millar, e aumentar o gasto empresarial en innovación nun 20%, ata alcanzar os 600 M€ anuais*
- *Promove tamén un cambio na cultura innovadora coa posta en marcha do programa Excelencia dos centros tecnolóxicos, o Doutoramento industrial e accións para fomentar esta vocación de xeito precoz entre os rapaces*

A Xunta porá en marcha o plan Galicia Innova, unha iniciativa que mobilizará 1775 millóns de euros ata 2020 co obxectivo de impulsar a actividade económica e industrial, o que redundará na xeración de emprego e benestar social a través da innovación. Este plan, que se desenvolverá seguindo as directrices marcadas na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), permitirá ao Goberno autonómico contar durante os vindeiros tres anos cos instrumentos e iniciativas necesarias para desenvolver as súas políticas en materia de I+D+i e seguir dando apoio aos investigadores e fomentando a transferencia de coñecemento ao tecido empresarial.

O plan Galicia Innova 2020, cun investimento público de 980 millóns de euros, é a resposta ao contexto actual para seguir avanzando no cambio de modelo produtivo co obxectivo de situar a I+D+i como factor clave para fomentar a investigación e a actividade industrial na Comunidade e, así, garantir a competitividade da economía e a

consolidación dun modelo sustentable e que aposte pola inclusión social. En definitiva, pretende facer de Galicia un territorio de referencia para innovar no cal as ideas se transformen nunha actividade produtiva que repercuta no benestar social e na proxección profesional dos galegos e galegas.

Así, tras ser avaliado hoxe polo Consello da Xunta, o plan será obxecto de debate con todos os axentes do ecosistema innovador e grupos parlamentarios dentro da aposta do Goberno autonómico polo diálogo e co obxectivo de mellorar o plan con novas propostas.

Galicia Innova 2020 desenvólvese dentro das directrices fixadas na Estratexia de especialización intelixente (RIS3), polo que busca impulsar un modelo aberto, con vocación internacional, e que fomente a colaboración público-privada. Nesta liña, o plan recolle a posta en marcha de *hubs* de innovación dixital, o que permitirá agrupar, ordenar e especializar os axentes do ecosistema de I+D+i en ámbitos estratéxicos da Comunidade como o aeronáutico, a bioeconomía e a industria 4.0. En concreto, os *hubs* estarán integrados por centros de investigación, pemes, grandes empresas, *startups*, incubadoras, universidades, clústers, asociacións sectoriais, investidores e a propia Administración pública.

Os hubs de innovación dixital aproveitarán ao máximo as capacidades que existen en Galicia en I+D+i para potenciar o desenvolvemento tecnolóxico e beneficiar deste xeito o fortalecemento do tecido empresarial e industrial –con especial atención ás pemes–. Este novo modelo de colaboración público-privada está orientado a prestar servizos para a creación de valor empresarial, priorizar as tecnoloxías estratéxicas, transferir coñecemento e facilitar o acceso ao financiamento, ao tempo que se buscará a súa interconexión coa rede europea de *hubs* de innovación dixital.

Principais retos

O novo plan de innovación fixa tres retos: a posta en valor da investigación científico-tecnolóxica; a mellora na transferencia do coñecemento xerado ás empresas e á sociedade; e o retorno do investimento realizado para que se traduza en maior actividade e crecemento económico, o que tamén redundará na xeración de emprego cualificado e de calidade e no benestar da sociedade galega.

Coa RIS3 como marco estratéxico de referencia, para a consecución destes retos no Galicia Innova 2020 establécense tres áreas de acción que engloban os programas e proxectos que se porán en marcha ata 2020: coñecemento, talento e empresa.

A primeira área de acción aposta por impulsar medidas e programas para potenciar a xeración e transferencia de coñecemento especializado, que estará conectado coa realidade do tecido produtivo e da sociedade galega. Deste xeito, o sistema galego de

I+D+i será capaz de fomentar a innovación social e empresarial para anticiparse aos cambios e aos desafíos do futuro e maximizar as oportunidades. Nesta liña enmárcanse novas medidas como o programa de excelencia dos centros tecnolóxicos; o impulso dos centros singulares de investigación; o apoio á investigación en ámbitos estratéxicos como a industria 4.0, o agroalimentario, a explotación forestal, as enerxías renovables e a pesca; e accións para poñer en valor o labor dos investigadores e dos seus resultados científico-tecnolóxicos e, así, incentivar a transferencia de coñecemento.

En canto á segunda área de acción, con programas dirixidos ás persoas, é dicir, á captación e retención de talento innovador, poñeranse todos os medios para desenvolver as súas vocacións desde o ámbito educativo, empresarial ou investigador. Así, detectaranse e fomentaranse as vocacións dos rapaces de xeito precoz (programa Vocación STEM); continuarase cos programas integrais de aceleración e excelencia dirixidos ás *startups*, para facilitar ás novas empresas tecnolóxicas e innovadoras o acceso ao financiamento, o desenvolvemento dos seus produtos e para poñer á súa disposición os mecanismos necesarios para a súa internacionalización. Ademais, implementaranse novos programas como o Doutoramento industrial ou Talento sénior - dirixidos a profesionais experimentados- e manteranse as axudas aos investigadores.

Na terceira área de acción, o plan aposta polo liderado das empresas galegas a través da realización de proxectos innovadores, con especial atención ás pemes para avanzar en procesos de innovación aberta que permitan crear sinerxías entre elas. Ademais, seguirase impulsando a compra pública innovadora coa finalidade de mellorar os servizos públicos e consolidar Galicia como un referente neste eido.

O plan Galicia Innova identifica tres sectores clave para que a nosa Comunidade gañe protagonismo a nivel europeo: o aeronáutico, partindo do pólo tecnolóxico e industrial de Rozas para que Galicia sexa un referente en eidos como o salvamento marítimo, a xeolocalización e a xestión dos recursos naturais; a bioeconomía, avanzando nos fármacos do futuro e no sector agroalimentario desde unha perspectiva de economía circular, respectuosa cos recursos e o reaproveitamento dos residuos e a enerxía; e a industria 4.0, con novas iniciativas que permitan o desenvolvemento da fabricación intelixente e a formación de tecido industrial en Galicia.

Todas estas medidas estarán reforzadas por un modelo de goberno baseado na innovación, no cal a axenda dixital contribuirá á modernización dos servizos públicos xerando un clima favorable para o desenvolvemento da I+D+i empresarial e convertendo a innovación nun valor intrínseco da sociedade galega.

Previsións para 2020

A través de todos os programas recollidos no plan Galicia Innova 2020, que dá continuidade ao traballo desenvolvido pola Xunta a través do anterior plan, denominado Plan I2C, a Xunta prevé incrementar en máis dun 10% o número de traballadores en Galicia vinculados á I+D, ata os 10.400, é dicir, mil máis que no ano 2016; dispoñer dun 15% máis de empresas relacionadas con actividades innovadoras, ata superar o millar; e aumentar o gasto empresarial en innovación nun 20%, ata alcanzar os 600 millóns de euros anuais.

Ademais, o plan estima que se poidan acadar 120 millóns de euros en retornos procedentes dos proxectos europeos en Horizonte 2020, o programa de financiamento da investigación e a innovación na Unión Europea para o período 2014-2020. De cumprirse este obxectivo, o retorno para Galicia incrementaríase nun 38% con respecto ao acadado no anterior programa marco (87 millóns de euros), correspondente ao período 2007-2013.

O SERGAS AFORRA 22,7 MILLÓNS DE EUROS CO PLAN DE COMPRAS INTEGRADAS 2016-2017

- *A finais de 2017, o resultado económico global das contratacións integradas duplica o obxectivo inicial establecido nun 10% de mellora dos prezos*
- *O 77% do total de expedientes foron compras que se incorporaron por vez primeira ao sistema, e supuxeron un total de 121,4 millóns de euros*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, presentou no Consello da Xunta un informe de situación do Plan de compras integradas 2016-2017 do Servizo Galego de Saúde. Ao fin de 2017, o resultado económico global das contratacións integradas supera amplamente o obxectivo inicial establecido nun 10% de mellora dos prezos de compra. O aforro global é 22,7 millóns de euros respecto das compras do Sergas anteriores ás licitacións, é dicir unha baixa do 20,9%.

O Plan de compras integradas 2016-2017 do Servizo Galego de Saúde realizou expedientes de compra para todos os centros do organismo autónomo por un valor de compra anual de 157,5 millóns de euros. Destas contratacións, o 77% foron compras que se incorporan por primeira vez ao sistema de compras integradas do Sergas e supuxeron un total de 121,4 millóns de euros.

Do total dos expedientes de compra, 26 expedientes están adxudicados e en execución, outros 11 expedientes están en licitación, e oito xa están en preparación polos grupos técnicos, formados por persoal sanitario e técnico dos centros sanitarios do Sergas.

Os 26 expedientes adxudicados supuxeron un aforro en termos de compra anual de 19,0 millóns de euros, unha baixa dun 32,3 % dos prezos de adxudicación sobre os prezos de compra anteriores do Sergas. Os principais aforros producíronse na contratación de produtos farmacéuticos, cun aforro de 13,8 millóns de euros, isto é, unha baixada do 52,3% respecto ás compras anteriores; produtos sanitarios, nos cales se aforraron 3,7 millóns de euros; é dicir, supuxeron unha baixa do 29,0% sobre os prezos de compra anteriores; na compra integrada de material de laboratorio aforráronse 0,8 millóns de euros, 28,3% de baixa; e implantes, cun aforro de 0,6 millóns de euros, e un 6,6% de baixada.

Os 11 expedientes en licitación supoñen un aforro de 3,6 millóns de euros en termos de compra anual debido á mellora dos prezos de licitación respecto ás anteriores compras, o que supón unha baixada do 7,4%. Os principais aforros rexístranse en implantes, cun aforro de 2 millóns de euros e unha baixada do 7,4% respecto de contratacións anteriores, e produtos sanitarios, onde se aforrarán 1,6 millóns de euros, e acadouse unha baixada do 8,1%.

Obxectivos do Plan de compras integradas 2016-2017

Os obxectivos deste plan, no que colaboran todas as estruturas de Xestión Integrada (EOXI) do Sergas e a Subdirección Xeral de Farmacia neste período 2016-2017, son, por un lado, avanzar cara á central de compras, unificando ao máximo posible os produtos almacenados na plataforma loxística do Sergas; e, por outro, contribuír á sustentabilidade económica do sistema, diminuindo os prezos de compra nun 10% como mínimo, debido ao incremento da escala de compra e á homoxeneización dos produtos adquiridos.

O Servizo Galego de Saúde avanza agora no remate dos traballos dos distintos grupos técnicos, autorizacións das contratacións polo Consello da Xunta, publicación das licitacións, adxudicación e formalización dos contratos. Tamén inicia agora a confección do Plan de compras integradas 2018-2019.

Coa posta en marcha do Plan de Compras Integradas, a Consellería de Sanidade contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público da nosa comunidade reducindo os prezos dos bens e servizos adquiridos no mercado e mellorando e homoxeneizando a súa calidade en todo o sistema sanitario público.

A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA NUN MILLÓN DE EUROS O ORZAMENTO DESTINADO AO ACOLLEMENTO FAMILIAR DE MENORES

- *A partida chegará así aos 3,4 millóns de euros, o que permitirá, entre outras cousas, que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos en que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7500 euros*
- *Na actualidade 1114 menores se atopan en situación de acollemento en familia extensa e 243 en familia allea*

A Xunta amosou, durante o Consello celebrado esta mañá, o seu apoio ás familias galegas en xeral e, en particular, a aquelas que acollen menores en situación ou risco de desamparo social cun incremento da partida destinada ao acollemento familiar dun millón de euros. Deste xeito, o orzamento total investido neste fin ascende a 3,4 millóns de euros que servirán para garantir o dereito de todo menor a ter unha familia.

Ademais, neste ano mellorarase o sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos en que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7500 euros, unha medida que beneficiará ao 95% das máis de 1100 familias acolledoras existentes en Galicia.

Cómpre destacar que en 2017 se realizou unha suba do 9% con respecto ao 2016 na partida económica destinada a estas familias ata chegar aos 2,4 millóns de euros, o que permitiu aumentar a remuneración dos acollementos de menores na franxa de idade máis numerosa (3- 18 anos) pasando de 240 a 280 euros. No caso dos menores dun ano, as familias reciben 600 euros ao mes, e para os nenos de un a tres anos a contía é de 400 euros mensuais.

A familia acollidora, que pode ser extensa ou allea, debe coidar do menor, telo na súa compañía, educalo e velar porque as súas necesidades están atendidas. O Goberno galego aposta decididamente por esta figura, tal e como demostra o feito de que, do total de menores tutelados pola Administración autonómica, o 56% se atopan en acollemento familiar, e o 85% destes na familia extensa do menor. Deste xeito, 1114 menores están acollidos en familia extensa e 243 en familia allea. O 44% restante dos menores que están no sistema de protección atópanse en acollemento residencial (1072) ou en garda con fins de adopción (43).

Dentro do acollemento familiar, resulta prioritario o acollemento en familia extensa (é dicir, acollidos por persoas do seu propio contorno familiar), unha vez que garante o mantemento dos menores no seu contorno emocional e social e favorecendo a posible integración coa súa familia de orixe.

A modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia levada a cabo polo lexislador estatal no ano 2015 simplifica a constitución do acollemento familiar suprimindo a necesidade de contar co consentimento dos proxenitores do menor. Así mesmo, introduce a necesidade da valoración da adecuación dos acolledores e regula o estatuto do acolledor familiar, entre outras melloras. Pero, sobre todo, establece a súa prioridade sobre o acollemento residencial para calquera menor e, especialmente, para os menores de seis anos. Ademais, determínase que non se pode acordar o acollemento residencial para menores de tres anos, agás supostos de imposibilidade de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando este non conveña ao seu interese.

Programa de acollemento familiar coa Cruz Vermella

Desde o ano 1995, a Xunta de Galicia desenvolve esta iniciativa en colaboración coa Cruz Vermella. A entidade encárgase de executar o programa realizando accións de difusión e de selección das familias que poden acoller, e ofrecéndolles formación, apoio e asesoramento tanto previamente como durante o tempo que dure o acollemento. Os datos ata decembro de 2017 reflicten que 160 familias acolleron 203 menores. O orzamento previsto para este 2018 é de 330.000 euros.

Programa de apoio ao acollemento en familia extensa con Aldeas Infantiles

A Xunta de Galicia detectou a necesidade de reforzar a atención ás familias extensas que acollen un menor e, por iso, en 2013 puxo en marcha este programa en colaboración con Aldeas Infantiles.

A iniciativa facilita apoio aos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia, proporcionando unha atención especializada adaptada ás necesidades dos acollidos, dos acolledores e dos proxenitores, ademais de apoiar educativamente as familias e os menores no desenvolvemento de habilidades para afrontar de forma competente o acollemento.

En 2017 o programa reforzouse cun equipo máis en Santiago de Compostela. Ata ese ano existían dous ámbitos de actuación (zona norte con sede na Coruña e zona sur con sede en Vigo). Esta ampliación supuxo poder atender un maior número de casos, que pasaron de 80 a 100. A partida orzamentaria tamén experimentou un incremento do 14% en 2017 con respecto a 2016, situándose nos 173.353,44 euros, cifra que se manterá en 2018.

UN TOTAL DE 566 AGRICULTORES E GANDEIROS GALEGOS RECIBIRÁN AXUDAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE AUGA ÁS SÚAS EXPLOTACIÓNS

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe de Medio Rural sobre estas achegas, que teñen un orzamento conxunto de 925.000 euros*
- *Estas subvencións financiarán novas estruturas e mellorarán as existentes para o abastecemento, tales como balsas de almacenamento, bebedoiros, conducións e pozos, sempre que non supoñan unha nova captación nun curso fluvial*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre a resolución das axudas para garantir a subministración de auga ás explotacións agrarias. Estas achegas teñen por finalidade financiar novas estruturas e mellorar as existentes para o abastecemento, tales como balsas de almacenamento, bebedoiros, conducións e pozos, sempre que non supoñan unha nova captación nunha canle fluvial. Tamén, apoiar os equipamentos para a mellora do abastecemento de auga ás explotacións gandeiras, como cisternas ou bebedoiros móbiles e, en xeral, servizos de abastecemento ás granxas.

A Xunta destina a estas subvencións un total de 925.000 euros de fondos propios da comunidade autónoma. Os beneficiarios serán 566 en toda Galicia, que teñen ata setembro de 2018 para xustificar as achegas. Cada un recibirá, de acordo coas bases da convocatoria, un máximo de 5.000 euros. Por provincias, a maior parte das axudas corresponde á de Lugo, con 356 solicitudes, o que supón un 62,9% do total. Séguenlle, por orde de peticións, Ourense, con 74 (un 13,07%), Pontevedra, con 69 (12,19%) e A Coruña, con 67 (11,84%).

A situación de seca prolongada que se viviu en Galicia desde o ano 2016 levou á Xunta a establecer esta medida extraordinaria. Tras as sucesivas declaracións de prealerta e alerta, a convocatoria das axudas publicouse o pasado día dous de novembro de 2017 no *Diario Oficial de Galicia*.

Pártese do feito de que as explotacións agrícolas e gandeiras forman parte dun sistema tradicional de aproveitamento de recursos naturais que dependen en gran medida da existencia de auga, non só para abastecemento do gando senón tamén para o aproveitamento das superficies de pastos e dos cultivos. Por tanto, considérase imprescindible garantir a subministración de auga ás explotacións, co fin de minimizar os efectos da seca nos momentos en que esta circunstancia impida asegurar o mantemento dos sistemas produtivos.